

INFORMACIÓN RELACIONADA CO CAMBIO DE NOME

➤ Quen pode solicitalo?

O propio interesado español maior de 16 anos.

➤ En que casos se pode modificar o nome?

Se o interesado proba o uso habitual do nome, e sempre que concorran as demais circunstancias esixidas pola lexislación

➤ Nomes prohibidos

1.º Non poderá consignarse máis de dous nomes simples ou un composto.

2.º Non poderán impoñerse nomes que sexan contrarios á dignidade da persoa, nin os que fagan confusa a identificación. A efectos de determinar se a identificación resulta confusa non se outorgará relevancia á correspondencia do nome, co sexo ou identidade sexual dos irmáns.

3.º Non poderá impoñerse ao nacido nome que ostente un dos seus irmáns ou irmás con idénticos apelidos, a non ser que falecesen.

➤ Documentación necesaria

- DNI
- Se o nacemento tivo lugar antes de 1950, certificado de nacemento (en caso contrario será obtido por este Rexistro Civil)
- Proba documental (facturas , carné de biblioteca, ximnasio, conta de correo electrónica, etc, no que se vexa o uso do nome solicitado) ou en caso de non contar coa mesma, testemuñal que xustifique o uso do nome solicitado (dúas testemuñas maiores de idade provistos de DNI)

DEBERÁN COMPARECER CO SEU DNI O DÍA DA CITA.